

Á Mesa da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas afirmacións da Real Academia Española referidas ao uso de toponimia galega deturpada (10/PNC-002608, documento número 32028)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse á Real Academia Española para:

1. Aclararlle que a única forma oficial e legal dos topónimos en Galicia é a galega.
2. Solicitalle que nas súas consultas incorpore esa posición.”

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/09/2018 16:51:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2018 16:51:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado César Fernández Gil, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-002608 (32028)**, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas afirmacións da Real Academia Española referidas ao uso de toponimia galega deturpada

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a dirixirse á Real Academia Galega para que, en colaboración coa Real Academia Española, inicie un proceso de homoxeneización de criterios no que se refire ao uso da toponimia oficial”

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 17:08
Nº Rexistro: 37026
Data envío: 18/09/2018 17:08:10.130

Pedro Puy Fraga na data 18/09/2018 17:05:48

César Manuel Fernández Gil na data 18/09/2018 17:06:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com